

# Teatro Crítico Universal

Magazine de crítica da Revista Galega de Teatro

## Palabras malditas

### O prohibido contra a poesía da vida

Afonso Becerra de Becerreá



Veño do Teatro García Barbón d'Afundación de Vigo, como quen vén de facer unha viaxe na máquina do tempo do teatro, nun *flashback* directo aos anos corenta. Esa é a época na que transcorre a historia de *Palabras malditas*, a través da que Eduardo Alonso nos demostra, de xeito

verosímil, como os pensamentos, as palabras e os sentimentos son feitos. Porque, igual ca os feitos, se consideran perigosos e nos condenan nun contexto de restrición das liberdades.

A posguerra civil española, a Ditadura franquista, é o marco no que se xogan os destinos de Clara Campos e Vicente Rincón, os personaxes protagonistas. Unha parella especial de poetas na súa “giornata particolare”, asediados por desacougos persoais e por unhas coordenadas espazo-temporais adversas.

Miquel Insua e Sara Casasnovas ofrecen interpretacións cheas de matices, nun rexistro realista moi ben medido. Ademais, desde a dirección, está moi ben xogado o contraste entre ambos personaxes, a ledicia xuvenil e o desenfado dela, a prudencia elegante del, así como o personaxe de Luma Gómez, que é terra, nai, e que, á súa vez, tamén contrasta con ese idealismo desencantado da parella protagonista dos poetas.

A obra sabe xogar coa intriga. Os personaxes van descubríndosenos co desenvolvemento da acción. E o dramaturgo, ademais, revélasenos tamén como poeta ao inserir na peza composicións líricas escritas para os personaxes, incluso traballando a evolución no estilo poético do personaxe de Clara Campos.

A escenografía de Paco Conesa pon no proscenio os nosos días e no palco un espazo moi ben equilibrado nos volumes e na calidez das luces, que recrea, escenograficamente, a habitación da pensión da Coruña, nos anos corenta, na que transcorre a historia.

Un melodrama cunha dimensión política de considerable impacto.

*Palabras malditas* de Eduardo Alonso

**Compañía:** Teatro do Noroeste

**Dirección:** Eduardo Alonso

**Elenco:** Miquel Insua, Sara Casasnovas, Luma Gómez e Inma Antonio.

**Composición musical:** Fernando Alonso

**Escenografía:** Paco Conesa

**Teatro García Barbón de Vigo. Afundación. 1 de abril de 2016.**

This entry was posted on 05/05/2016 by [rgtcritica](#) in [Crítica](#) and tagged [Eduardo Alonso](#), [Teatro do Noroeste](#).

<http://wp.me/p4Ocyz-nS>

[Previous post](#)

[Crea un sitio web ou un blogue de balde en WordPress.com. The Suburbia Theme.](#)